

# O XERUNDIO: CARACTERIZACIÓN XERAL E CLASIFICACIÓN

Xosé Antonio Pena Romay

Dirección Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia  
vixanvixan@gmail.com

**Resumo:** Partindo da constatación de que o xerundio está insuficientemente tratado nos estudos gramaticais do galego, no presente artigo abórdase o que pretende ser, desde unha perspectiva exclusivamente sincrónica, unha clasificación xeral e exhaustiva do xerundio, baseada no rol que este asume dentro do enunciado *e/* ou na función sintáctica que desempeña. Postúlase que, desde un enfoque normativo, quizais non todos os xerundios de posterioridade se deberían considerar como incorrectos, particularmente o denominado neste traballo “xerundio vinculativo”.

**Palabras chave:** gramática galega, sintaxe galega, xerundio, xerundio vinculativo.

**Title:** The gerund: general characterization and classification???

**Abstract:** Based on the finding that the gerund is insufficiently treated in Galician grammar studies, this paper intends to offer, from an exclusively synchronous perspective, a general and exhaustive classification of the gerund, based on the role it assumes in the statement and / or in the syntactic function that performs. It is postulated that, from a normative point of view, perhaps not all gerunds that indicate a later time should be considered incorrect, particularly the so-called “binding gerund” by the author.

**Key words:** galician grammar, galician syntax, gerund, binding gerund.

## 1. CARACTERIZACIÓN XERAL

Nunha caracterización moi xeral, podemos dicir que o xerundio é unha forma amodotemporal<sup>1</sup> do verbo que, ou ben forma parte dunha perífrase verbal ou ben desempeña a función sintáctica de núcleo oracional nalgún dos constituíntes subordinados dunha oración complexa<sup>2</sup>, nunha coordinada adversativa ou, en certos casos contextualmente moi marcados, nunha oración independente simple, achegando en función do contexto a idea dunha acción en proceso ou outro tipo de valores, coma modal, temporal, concesivo, causal...

Así mesmo, e complementando ou perfeccionando un pouco esta caracterización tradicionalmente máis aceptada, no presente artigo imos engadir a posibilidade de que funcione como núcleo dunha oración que, mediante unha estrutura próxima á copulativa xustaposta, se vincula con outra oración, achegando entre ambas algún tipo de conexión lóxica que o receptor debe inferir ou que se entende que vai inferir polo contexto (serían os casos abranguidos polo que denominamos como “xerundio vinculativo”, que tratamos no punto 3.2.4.<sup>3</sup>).

Xa que logo, e partindo desta descrición xenérica, nun nivel máis global poderíamos considerar dous grandes grupos de xerundios:

- 
- 1 Isto é, que non presenta morfemas de modo e tempo (aqueles que fornecen información acerca do modo e tempo verbais) nin tampouco morfemas de número e persoa (os que fornecen información acerca do número e persoa gramaticais).
  - 2 Denominamos aquí como oración complexa a oración composta na que se dá unha relación de subordinación entre os seus constituíntes oracionais, ou, dito doutro xeito, aquela que presenta un núcleo verbal principal e, ó menos, un subordinado.
  - 3 Na medida en que o sentido da conexión lóxica achegada por este xerundio cadra basicamente co fornecido polas oracións subordinadas xerundiais (bardante dalgún caso en que, se cadra, se poida considerar que a relación é unicamente de coordinación copulativa), tamén poderíamos dicir que, ó cabo, a nivel xeral non deixa de desempeñar a función sintáctica de núcleo oracional nalgún dos constituíntes subordinados dunha oración complexa, mais, debido ás particularidades que presentan este tipo de construcións de xerundio vinculativo (por exemplo, por se tratar de oracións que nun nivel sintáctico se achan próximas á xustaposición, por presentaren a nivel xeral unha maior posibilidade de amálgama de significacións ou sentidos en relación coa oración coa que se vinculan ou por seren máis permeables á posibilidade de que o acontecemento ou acción denotados polo xerundio sexa temporalmente posterior ó acontecemento ou acción referidos polo verbo principal), imos optar por tratalo de xeito diferenciado.

- a. Os perifrásticos: aqueles que forman parte de perífrases verbais (p. ex., *Túa irmá está cantando*).
- b. Os non perifrásticos: aqueles que non forman parte de perífrases verbais e desempeñan unha función sintáctica nuclear dentro de diversos tipos de oracións, sobre todo subordinadas (p. ex., *O adestrador busca amarrar o partido metendo outro defensa*, onde funciona como núcleo dunha oración subordinada adverbial en función de complemento circunstancial de modo) e vinculativas (p. ex., *O panga ten un tamaño considerable cando alcanza a madurez, podendo chegar a medir metro e medio e pesar corenta quilos*), mais tamén coordinadas adversativas (p. ex., *Imos coa intención de ganar, pero sabendo que vai ser difícil*, onde funciona como núcleo dunha oración coordinada adversativa) e simples (p. ex., *Xoán indo á misa?! Non o podo crer!*).

Outro tipo de caracterización (que neste caso vai ser a que menos nos interesa) é aquela que se realiza en función de se o xerundio ten ou non o seu propio suxeito, distinguindo deste xeito entre:

- a. O xerundio concertado ou conxunto: aquel que ten o mesmo suxeito có do verbo en forma persoal (p. ex., o de *Onte túa irmá chegou á clase cantando*, onde o suxeito de *chegar* e de *cantar* é o mesmo: *túa irmá*).  
Sepárase con comas do resto da oración naqueles casos en que vai ó comezo desta (*Recorrendo ás influencias familiares, o pequeno ditador chegou ó poder*<sup>4</sup>) ou en que se intercala entre o suxeito e o verbo principal (*O pequeno ditador, recorrendo ás influencias familiares, chegou ó poder*).
- b. O xerundio non concertado ou absoluto: aquel que ten o seu propio suxeito, o cal non cadra nin co suxeito nin co

---

4 Unicamente sería opcional o emprego da coma naqueles casos en que a oración principal comece polo verbo:

*Recorrendo ás influencias familiares(,) chegou ó poder o pequeno ditador.*

Obsérvese que a oración principal *–chegou ó poder o pequeno ditador–* principia polo verbo.

complemento directo (de aquí en diante, CD) da oración principal (p. ex., o que aparece na oración *Estando todos á mesa, chegou o carteiro*: o suxeito do xerundio é *todos*, mentres que o do verbo en forma persoal é *o carteiro*).

Sepárase sempre con comas do resto da oración e o suxeito do xerundio sitúase sempre posposto a este.

Alén de todo o sinalado nesta caracterización xeral, tamén se poden engadir un par de apuntamentos máis acerca do xerundio:

- En certos casos, con algúns verbos (sobre todo con *correr*) e de xeito pouco frecuente, pode aparecer seguido do diminutivo *-iño*. Ex.: *Anda lixeiro. Vai alí correndiño!*
- Pode presentar, inda que resulta inusual, os morfemas que revelan a cuarta e quinta persoa (*-mos* e *-des*, respectivamente). Exs.:

*Paseándonos por aquí esta noite pasada, vimos unha chuvia de meteoros.*

*O salón de exposición atópase á dereita, entrándodes pola porta principal.*

## 2. USOS TEMPORAIS DO XERUNDIO NON PERIFRÁSTICO RESPECTO DO VERBO PRINCIPAL

Os usos de temporalidade do xerundio non perifrástico sitúanse, con respecto ó verbo principal, basicamente nos parámetros da simultaneidade (p. ex., *Chegou cantando*, onde a acción de cantar é simultánea á de chegar) e mais da anterioridade inmediata (p. ex., *Levantándose da mesa, colleu o abrigo e marchou*, onde a acción de levantarse é inmediatamente anterior á de coller o abrigo).

Non obstante, nos casos do xerundio concertado si que pode presentar usos de posterioridade, sobre todo de posterioridade inmediata (p. ex., *Esnafrouse contra un muro, fnando practicamente ó instante*, onde a acción de finar se produce inmediatamente despois da acción de esnafarse).

Nestas ocasións de xerundio de posterioridade, se o xerundio vai negado, o máis habitual (e posiblemente preferible) é que

a posterioridade se exprese coa construción *sen + infinitivo* (*Sentou á mesa con todos, non tomando pinga de alcohol en toda a comida* → *Sentou á mesa con todos, sen tomar pinga de alcohol en toda a comida*).

### 3. CLASIFICACIÓN DO XERUNDIO

#### 3.1. XERUNDIOS PERIFRÁSTICOS

Son aqueles que forman parte das seguintes perífrases verbais<sup>5</sup>:

- Estar + xerundio: *Está vendo a televisión no seu cuarto. & A estas horas estará comendo.*
- Andar + xerundio: *Anda seguido meténdose coa xente e un día vai levar un desgusto. & Disque ultimamente andaba bebendo.*
- Ir + xerundio: *O alumno vai progresando adecuadamente. & Vai saíndo ti, que eu xa vou agora.*
- Vir + xerundio: *Nestas últimas semanas xa veu tomando a medicación. & Esa moza coa que falaches vén sendo [= vén a ser] a muller do sobriño do cura.*
- Levar + xerundio: *Quérome retirar, que levo traballando desde os trece anos. & Leva dicindo que vai ir vivir para a aldea desde que o coñecemos, pero ó final todo é boria.*
- Seguir / continuar + xerundio: *Malia ter un cartón amarelo, seguiu / continuou facendo faltas durante todo o partido. & Sigue / Continúa falando, e verás como te boto da clase.*
- Comezar / empezar / principiar + xerundio: *Comezou / Empezou / Principiou contando chistes xeitosos e acabou proferindo obscenidades. & Comezou / Empezou / Principiou pispando pequenas cousas... e acabou meténdose na política.*

---

5 Lembremos que unha perífrase verbal é unha unidade verbal constituída por dous verbos, un auxiliar (que aparece en forma persoal ou conxugada, polo que é o que porta os morfemas de modo e tempo e mais de número e persoa, e cuxo significado léxico está basicamente esvaecido ou fundamentalmente gramaticalizado) e mais un auxiliado (que aparece en forma non persoal –isto é, en infinitivo, xerundio ou participio– e que é o que fornece a carga léxica máis importante e significativa), entre os cales pode aparecer un elemento de relación.

- Acabar / Rematar / Terminar + xerundio: Ó final *acabou / rematou / terminou encartando a orela e dándolle a razón á muller. & Logo do que lle pasou á muller, acabou / rematou / terminou volvéndose tolo.*
- Saír + xerundio (xerundio con verbos do tipo de *ganar, perder* ou *deber*): *Mentres non se mude a lexislación, sempre sairán ganando os mesmos. & Non me convence este trato, que así saio debendo cartos.*

### 3.2. XERUNDIOS NON PERIFRÁSTICOS

#### 3.2.1. O xerundio como núcleo dunha oración subordinada

##### 3.2.1.1. En función de predicativo

###### 3.2.1.1.1. De predicativo do suxeito

Trátase dun xerundio que ten incidencia ó mesmo tempo sobre o verbo e mais sobre o suxeito da oración principal. A liña que o separa do xerundio que funciona como núcleo dunha subordinada adverbial modal é en moitas ocasións tenue e difusa, xa que adoita responder tamén, ó igual ca este último, a preguntas do tipo de *como?* ou *de que modo?* Ex.: *O dianteiro acabou o partido coxeando.*

En principio unha característica xeral que en certos casos nos pode axudar a diferenciar o predicativo do complemento circunstancial (de aquí en diante, CC) de modo é que o primeiro fornece información relativa ó estado do suxeito (ou ó estado do CD, se falamos do predicativo do CD) no momento do acontecemento ou acción, mentres que o segundo achega información acerca do modo en que se desenvolve o proceso ou acción.

Así, en *O dianteiro acabou o partido coxeando*, o xerundio *coxeando* fornece información acerca do estado do suxeito (*o dianteiro*) no momento do acontecemento, isto é, no momento de acabar o partido, de tal xeito que neste caso poderemos deducir que nos atopamos ante un predicativo do suxeito.

Outro punto de distinción entre o predicativo do suxeito e o complemento de modo radica no feito de que aquel ten que cadrar sempre en xénero e número co dito suxeito, fenómeno que non

acontece co complemento de modo. Así pois, naqueles casos en que poidamos substituír o xerundio por un adxectivo (na medida do posible, un adxectivo o máis ligado semanticamente que se poida ó dito xerundio) e ese adxectivo teña que cadrar necesariamente en xénero e número co suxeito, podemos pensar que estamos ante un predicativo.

Daquela, e partindo do exemplo que puxemos, se trocamos o xerundio (que non ten morfemas de xénero nin número) por un adxectivo (que si os ten), obteríamos o seguinte: *O dianteiro acabou o partido coxo*. Polo tanto, se mudamos o número gramatical do suxeito, o predicativo tería que mudar tamén o número (*Os dianteiros acabaron o partido coxos*); e se mudamos o xénero, o predicativo terá que mudar tamén o xénero (*A dianteira acabou o partido coxa*).

Outros exemplos de oración xerundial en función de predicativo do suxeito:

*Chegou bufando de cansazo* ≈ *Chegou cansadísimo*.

*Acabei o curso sabendo* máis ca cando empecei ≈ *Acabei o curso máis sabedor* ca cando empecei.

*As rapazas saían da casa cantando* ≈ *As rapazas saían da casa cantadeiras*.

*Entrou na cafetería poñendo os santos en procesión* ≈ *Entrou na cafetería enfadado*.

*Bota todo o día queixándose* ≈ *Bota todo o día queixoso*.

*Acabei a festa doéndome a cabeza* ≈ *Acabei a festa dorido* da cabeza.

Nótese a diferenza con *Acabou a festa doéndome a cabeza*, enunciado no cal a oración de xerundio xa funciona como cc de modo (=acabou a festa con dor de cabeza para min), pois o xerundio ten incidencia sobre o verbo da oración principal –na medida en que manifesta unha circunstancia que se produce ó acabar a festa–, pero non sobre o suxeito, que neste caso é *a festa* (resulta obvio que á festa non lle doe a cabeza, senón que a quen lle doe é a min).

*Túa nai quedaba na horta sulfatando a viña* ≈ *Túa nai quedaba na horta atarefada*.

Este caso tamén merece un comentario á parte, no sentido de que os xerundios ou oracións de xerundio dependentes de verbos como *quedar*, *seguir* ou *permanecer*, que son verbos susceptibles de formaren parte de estruturas copulativas, pode interpretarse que non realizan a función de complemento predicativo, senón de atributo. A liña delimitadora nestes supostos entre ambas as funcións pensamos que é máis ben tenue e difusa, polo que simplemente apuntamos a posibilidade de interpretar estes casos nun ou noutro sentido, sen nos atrevermos a afirmar categoricamente nada ó respecto. Entrarían dentro deste grupo enunciados, pois, do tipo de:

*Quedaron/Ficaron no bar, falando das súas cousas.*

*O rapaz segue/continúa/prosegue na mesma actitude belixerante de sempre, buscando barullo con todo cristo.*

*Malia a impertinencia, permaneceu sorrindo coma se nada.*

### 3.1.1.1.2. *De predicativo do complemento directo*

Trátase dun xerundio que ten incidencia ó mesmo tempo sobre o verbo e mais sobre o CD da oración principal. Adoita empregarse bastante –inda que non unicamente– con verbos de percepción (*ver*, *escoitar*, *notar*, *oír*, *observar*, *notar...*) e de representación (*representar*, *imaxinar*, *amosar*, *pintar*, *debuxar...*). Exs.:

*Estoutro día vimos a teu irmán conducindo un camiión.*

*Filmaron unha manda de lobos perseguindo un veado.*

*A testemuña dixo que tiña escoitado o presunto asasino rifándolles ós pais.*

*Non son quen de imaxinar este profesor facendo un striptease.*

*Vamos axiña, que teño présa, que deixei a moza comendo soa no restaurante!*

*Xa con trece anos lle escribira unha carta declarándolle o seu amor.*

Velaquí un caso un tanto diferente ó do resto dos exemplos, nos cales o axente da acción denotada polo xerundio é o CD da oración principal. No entanto, neste enunciado o CD non é o axente (a carta, no seu sentido máis recto ou primixenio, en realidade non declara nada, senón que é o medio a través do cal se declara algo). Xa que logo, achámonos



ante un deses casos en que o medio utilizado polo axente da acción pasa a se empregar como suxeito: resulta obvio que no seu sentido recto quen declara o amor non é carta, senón a persoa que a escribe, mais acaba producíndose un proceso osmótico entre o axente e o medio ou instrumento de que se vale para realizar a acción que dá como resultado final que este último pase a ser usado como suxeito. É o que acontece cando dicimos, por exemplo, que *a sentenza condenou o acusado* (realmente quen o condena é o xuíz, maxistrado ou tribunal que emite a sentenza, e esta é o medio ou instrumento a través do cal o condenan).

Dentro deste grupo englóbanse enunciados como *O xuíz pronunciou unha sentenza absolvendo a empresa demandada*, que en máis dunha ocasión son obxecto de hipercorrección, no sentido de se interpretar o dito enunciado como incorrecto e substituílo por *O xuíz pronunciou unha sentenza na que se absolvía á empresa demandada / pola que se absolvía á empresa demandada*.

Tal e como se pode observar, non se está a dicir exactamente o mesmo en ambos os enunciados, xa que no primeiro a oración subordinada afecta tanto ó CD *empresa* coma ó verbo principal *pronunciou*, mentres que no segundo, en calquera das dúas variantes reflectidas, a subordinada só funciona como modificador do CD. De feito, no primeiro caso a subordinada pode variar a súa posición dentro do enunciado (por exemplo, *O xuíz pronunciou, absolvendo a empresa demandada, unha sentenza*), o cal non acontece en ningunha das variantes do segundo caso.

Como se pode apreciar nos exemplos reflectidos, o CD do verbo principal cadra co suxeito do xerundio<sup>6</sup>:

6 Notemos que no caso de non cadrar o CD do verbo principal co suxeito do xerundio, xa non estaremos ante un predicativo. Así, se mudamos a estrutura secuencial do primeiro exemplo que a seguir expomos cara a *Estoutro día, conducindo un camión, vimos a teu irmán*, a interpretación máis normal ou xeneralizada sería que estoutro día nós, conducindo un camión, vimos a teu irmán.

Temos, pois, que neste caso o suxeito do xerundio é *nós*, co cal xa non coincide co CD do verbo principal (*teu irmán*). Daquela, a oración de xerundio xa non funciona como predicativo do CD, senón como subordinada temporal (estoutro día nós, cando/mentres estabamos a conducir un camión, vimos a teu irmán).

*Estoutro día vimos a teu irmán conducindo un camión.*

O CD do verbo principal (*vimos*) é *teu irmán*, e o suxeito do xerundio (*conducindo*) tamén é *teu irmán*.

*Filmaron unha manda de lobos perseguindo un veado.*

O CD do verbo principal (*filmaron*) é *unha manda de lobos*, e o suxeito do xerundio (*perseguindo*) tamén é *teu irmán*.

En todos estes casos a oración de xerundio fornece unha información<sup>7</sup> que, como xa indicamos, incide tanto no verbo coma no CD. Pero –e tomando sempre como base ou punto de partida esta condición da necesaria incidencia en ambos os dous elementos–, como podemos identificar dun xeito máis ou menos efectivo esta función? Pois basicamente tendo en conta o seguinte:

1. Esta función debe permitir formular unha pregunta pronominalizando o CD (isto é, substituíndo o substantivo ou frase substantiva que funciona como CD polos pronomes átonos *o/a/os/as* ou, contextualmente, polos seus alomorfos *lo/la/los/las* e *no/na/nos/nas*) e mantendo fóra da pronominalización o predicativo (o que nos indica, polo tanto, que este non forma parte do CD) e respondéndoa do mesmo xeito. Exs.:

*Estoutro día vimos a teu irmán conducindo un camión.* → –Vístelo conducindo un camión? –Si, vímololo conducindo un camión.

*Filmaron unha manda de lobos perseguindo un veado.* → –Fil márona perseguindo un veado? –Si, filmárona perseguindo un veado.

*Xa con trece anos lle escribira unha carta declarándolle o seu amor.* → –Escribírala declarándolle o seu amor? –Si, escribírala declarándolle o seu amor.

---

7 Información na que se pode apreciar algún valor de modo, e mesmo en bastantes casos tamén un valor temporal:

*Estoutro día vimos a teu irmán conducindo un camión* [valor de modo: vímololo a el do xeito que se expresa (isto é, conducindo un camión) & valor temporal: vímololo cando conducía un camión].

*A testemuña dixo que tiña escoitado o presunto asasino rifándolles ós pais.* → -Tiña<sup>o</sup> escoitado rifándolles ós pais? -Si, tiña<sup>o</sup> escoitado rifándolles ós pais.

*Non son quen de imaxinar este profesor facendo un striptease.* → -Es quen de <sup>o</sup> imaxinar facendo un striptease? -Si, son quen de <sup>o</sup> imaxinar facendo un striptease.

*Vamos axiña, que teño présa, que deixei a moza comendo soa no restaurante!* → -Deixáchela comendo soa no restaurante? -Si, deixei<sup>ina</sup> comendo soa no restaurante.

Xa que logo, vemos en todos estes casos como o pronome átono acusativo unicamente substitúe o CD léxico, mais non a oración subordinada de xerundio, o que xa nos achega a idea de que esta exerce outra función distinta (se a oración de xerundio modifícase unicamente o núcleo do CD formaría, daquela, parte deste, e tería, polo tanto, que ser abranguida na dita pronominalización<sup>8</sup>).

2. Alén disto, o máis habitual é que poidamos mover a oración de xerundio cara a outra parte do enunciado, situándoa en posición anterior ó CD (referímonos ó CD na súa forma plena, non pronominalizado):

*Estoutro día vimos a teu irmán conducindo un camiión.* → Estoutro día vimos, conducindo un camiión, a teu irmán.

Inda que neste enunciado a mudanza pode provocar certa ambigüidade, no sentido de que a información se pode interpretar de dous xeitos: a) vimos, mentres estabamos a conducir un camiión, a teu irmán; b) vimos a teu irmán cando estaba a conducir un camiión<sup>9</sup>.

8 Véxase o contido da última viñeta deste punto 3.2.1.1.2. e confróntese.

9 Notemos que a ambigüidade vén fundamentalmente provocada porque a oración de xerundio se sitúa entre o verbo da oración principal (*vimos*) e o CD (*teu irmán*), dado que de a situarmos antes do verbo, a información que estaríamos a transmitir xa mudaría: así, se dicimos *Estoutro día, conducindo un camiión, vimos a teu irmán*, a interpretación máis normal do que estaríamos a expresar é que eramos nós quen estabamos a conducir cando vimos a teu irmán (e, polo tanto, xa non estaríamos ante un predicativo, senón ante unha subordinada temporal), como xa comentamos na nota número 5.

*Filmaron unha manda de lobos perseguindo un veado.* → Filmaron, perseguindo un veado, unha manda de lobos.

Tamén, inda que en menor medida có enunciado anterior –polo noso coñecemento da realidade intuiríamos que a situación máis normal ou plausible é que quen persegue o veado sexa a manda de lobos–, se podería producir certa ambigüidade.

*Xa con trece anos lle escribira unha carta declarándolle o seu amor.* → Declarándolle o seu amor, xa lle escribira unha carta con trece anos. & *Xa lle escribira, declarándolle o seu amor, unha carta con trece anos.*

*A testemuña dixo que tiña escoitado o presunto asasino rifándolles ós pais.* → A testemuña dixo que tiña escoitado, rifándolles ós pais, ó presunto asasino.

Tamén se podería producir certa ambigüidade, xa que ofrece a posibilidade de interpretalo como que a testemuña, mentres lles rifaba ós pais, escoitou o presunto asasino; mais posiblemente o contexto desfaría esa pequena posibilidade de ambigüidade.

*Non son quen de imaxinar este profesor facendo un striptease.* → Non son quen de imaxinar, facendo un striptease, este profesor.

Igualmente estaríamos ante un enunciado que podería ter certas trazas de ambigüidade.

*Vamos axiña, que teño présa, que deixei a moza comendo soa no restaurante!* → Vamos axiña, que teño présa, que deixei, comendo soa no restaurante, a moza!

Cómpre observar que este xerundio en función de predicativo do CD denota accións perceptibles dun só golpe polos sentidos ou o intelecto e que asemade presentan un límite temporal bastante determinado, pero non estados permanentes nin accións lentas de máis como para non seren percibidas dunha soa vez. Así, un enunciado

---

En todo caso, con esta secuenciación dos elementos no enunciado só habería a posibilidade –rara ou infrecuente posibilidade– de que o xerundio funcionase como predicativo no suposto de retirarmos a coma que vai tras *camión* (*Estoutro día, conducindo un camión vimos a teu irmán*), e sempre partindo da base de que nos atoparíamos ante unha oración hiperbática, isto é, ante unha oración na que existe un hipérbato ou alteración na orde máis común ou normal dos seus elementos.

como *Vimos o millo medrando* habería que, en principio, consideralo incorrecto (non obstante, si se podería percibir como correcta unha secuencia expresiva do tipo de *Filmamos o millo medrando* se do que estamos a falar é dunha filmación que se reproduce en cámara rápida de xeito tal que se percibe visualmente esa medra).

Tamén é de facer notar que, na medida en que o xerundio non forma nunca perífrase cos verbos *haber* e *ter*, nos enunciados en que atopemos un xerundio dependente dos ditos verbos a oración xerundial funcionará como predicativo do CD. Exs.:

*Ten a filla máis nova estudando en Santiago.*

*Non sei que pasou, pero había moita xente berrando diante do hospital.*

*O adestrador tívonos facendo abdominais durante máis de media hora.*

É posible que a esta hora *haxa policías batendo a zona.*

*Nun negocio coma este sempre hai clientes entrando e saíndo # sempre temos clientes entrando e saíndo.*

*Había, por toda a estancia, insectos voando.*

Observemos, collendo este último exemplo, que se trata dunha oración na cal o xerundio non pode ser trocado por unha subordinada de relativo sen que se produza algunha mudanza na súa significación ou na súa intencionalidade informativa: así, se dicimos *Había, por toda a estancia, insectos que voaban* xa estamos a variar o contido do enunciado, na medida en que a subordinada de relativo (*que voaban*) só modifica o substantivo *insectos*, mentres que o xerundio incide tanto sobre este coma sobre o verbo principal (o cal nos posibilita, fronte ó que o ocorre coa subordinada de relativo, a opción de que o xerundio vaia en posición anterior á do substantivo: *Había voando, por toda a estancia, insectos* & *Por toda a estancia había, voando, insectos*).

Por último, tamén é importante non confundir este xerundio en función de predicativo do CD co xerundio, gramaticalmente incorrecto e condenable, que substitúe unha oración de relativo sen máis, como acontece no seguinte exemplo:

*\*Todos tomaron bebidas contendo alcol.*

O enunciado correcto neste caso sería *Todos tomaron bebidas que contiñan alcol*, dado que a oración subordinada actúa unicamente como modificador do núcleo do CD *bebidas*, sen que teña incidencia en ningún elemento oracional máis. De feito, non poderíamos facer unha pregunta, mantendo este mesmo sentido, na que pronominalicemos o CD *bebidas* e deixemos fóra da dita pronominalización a oración subordinada na súa forma plena, nin tampouco respondela do mesmo xeito (*\*-Tomáronas contendo alcol? \*-Si, tomáronas contendo alcol*), na medida en que a pronominalización correcta tería que abranger tanto o núcleo do CD (*bebidas*) coma a oración de xerundio (*-Tomáronas? -Si, tomáronas*), o que nos indica de xeito claro e manifesto que a subordinada forma parte do CD, como modificador do núcleo<sup>10</sup>.

Así e todo, pode haber casos semellantes formalmente a este exemplo que acabamos de poñer en que o xerundio si sexa correcto, en función da intención comunicativa do emisor. Así, se por exemplo dicimos *Comprou laranxas, tendo balor* (nótese a total pertinencia da coma neste enunciado, xa que de non a haber teríamos que considerar que estaríamos ante unha secuencia gramaticalmente incorrecta, na medida en que *tendo balor* só se podería interpretar como modificador de *laranxas* –isto é, atopariámonos cun caso do tipo de *\*Tomaron bebidas contendo alcol-*), a oración xerundial habería probablemente que interpretala non como modificador de *laranxas*, senón como unha subordinada concesiva (= *comprou laranxas, inda que tiñan balor*). De feito, podemos perfectamente imaxinar unha situación en que unha persoa emita, sorprendida ou chamándolle a atención ó seu receptor, un enunciado como *Compraches laranxas, tendo balor?! (= Compraches laranxas, inda que teñen balor?!; ou, máis ou menos: Compraches laranxas, inda sabendo que teñen balor?!).*

## Outros exemplos de xerundio en función de predicativo do CD:

*Escoitáronos discutindo entre si.*

---

10 Véxase o contido da segunda viñeta deste punto 3.2.1.1.2. e confróntese.

*Malia a orde de afastamento, vírono xogando cos seus fillos.*

*O xuíz ditou unha sentenza condenando o acusado a cinco anos de prisión.*

*Mentres vou un momentíño ó súper, déixote aquí no parque xogando con outras nenas, vale?*

### **3.2.1.2. En función de atributo**

Como xa comentamos, o xerundio pode formar perífrase<sup>11</sup> con certos verbos que funcionan como auxiliares. Mais tamén hai contextos en que estes verbos, no canto de funcionaren como auxiliares, actúan como verbos principais (mantendo, polo tanto, a súa significación léxica), co cal xa non estaremos ante unha perífrase.

Xa que logo, naqueles casos en que verbos como *estar*, *andar* ou *seguir* aparecen na mesma oración ca un xerundio, pero sen formar perífrase, podémonos atopar ante un xerundio que funciona como núcleo dunha subordinada atributiva. Exs.:

*Estaba sentada á beira da cama, cofeándolle o pelo cariñosamente.*

*Estes días seica anda seguido na casa do concello, mirando a ver se consegue algunha subvención.*

*O rapaz segue na mesma actitude belixerante de sempre, buscando barullo con todo cristo.*

Nótese que nestes casos *estar*, *andar* e *seguir* funcionan como verbos principais das súas respectivas oracións, na medida en que manteñen toda a súa carga léxica.

Así mesmo, tamén podemos entender que nos atopamos ante un xerundio en función de núcleo dunha subordinada atributiva con verbos do tipo de *quedar*, *seguir* ou *permanecer*<sup>12</sup>.

---

11 Véxase o punto 3.1.

12 Véxase, neste sentido, o comentario realizado ó exemplo *Túa nai quedaba na horta sulfatando a viña* no punto 3.2.1.1.1. De predicativo do suxeito.

### 3.2.1.3. *En función de complemento circunstancial*

#### 3.2.1.3.1. *De modo*

Fornece información acerca dalgunha circunstancia que manifesta o modo ou maneira en que se desenvolve aquilo que se manifesta na oración principal. Exs.: *Buscamos a máxima rendibilidade optimizando recursos*. Adoita responder ás preguntas *como?* ou *de que modo?* [Como & De que modo buscamos a máxima rendibilidade? Optimizando recursos.]

Outros exemplos de xerundio en función de CC de modo:

*Ese ano o equipo, botándolle ganas, chegara á final da Copa do Sar.*

Nótese a diferenza con *Este ano o equipo, botándolle ganas, chegará á final da Copa do Sar*, onde a oración xerundial se pode interpretar tanto como subordinada de modo coma como subordinada condicional (=este equipo, se lle bota ganas, chegará á final da Copa do Sar).

*Perdeu a temperanza e dirixiuse ós socios compromisarios berrando coma un tolo.*

*Subiu á árbore gabeando coma un gato.*

*Matouno pegándolle un tiro na cabeza.*

Observemos que, tal e como xa estivemos dando a entender, en moitos casos a presenza do xerundio resulta pertinente, e que se o trocamos por outras expresións estaremos a mudar en maior ou menor grao a súa significación ou, cando menos, a súa intencionalidade informativa. Así, existen diferenzas entre este último enunciado de xerundio que acabamos de reflectir e enunciados do tipo de:

Matouno por pegarlle un tiro na cabeza.

Matouno tras lle pegar un tiro na cabeza.

Matouno ó pegarlle un tiro na cabeza.

Mesmo este último enunciado –que probablemente sexa o que presenta unha maior semellanza de significado co xerundial– presenta certas diferenzas ou certos matices diverxentes respecto do de xerundio, coma por exemplo os seguintes:



a) en principio parece que o enunciado de xerundio dá a entender unha maior intencionalidade na acción de pegar o tiro (isto é, a acción de pegar o tiro na cabeza realízase precisamente para matar a persoa –e unicamente se entendería doutro xeito se hai algún tipo de precisión neste sentido: *Matouno pegándolle un tiro na cabeza, pero estaba apuntando a outro lado & pero fíxoo sen querer–*);

b) o enunciado xerundial centra o foco informativo tanto no feito de que se matou a alguén coma no modo en que se realizou o feito de matar a alguén, mentres que o enunciado coa secuencia preposicional parece que máis ben o que nos está a trasladar é que o feito de matar é consecuencia ou resultado do feito de pegarlle a alguén un tiro na cabeza.

### 3.2.1.3.1.1. De modo con valor instrumental

Nesta función inclúese a variante que expresa un valor instrumental, na cal a oración de xerundio funciona como complemento de medio ou instrumento<sup>13</sup>, de tal xeito que responde ás preguntas *como?*, *por que medio?*, *con que –ou a través de que– medio ou instrumento?* Ex.: *Chegou ó poder recorrendo* ás influencias familiares [Como & Por que medio & A través de que medio chegou ó poder? A través das influencias familiares, a través do recurso ás influencias familiares.]

Outros exemplos de xerundio en función de CC de modo con valor instrumental:

*Observando e analizando as probas foi como a policía chegou a saber quen fora o ladrón.* [=A través & Por medio da observación e análise das probas, a policía chegou a saber quen fora o ladrón.]

*Elaborando metodicamente resumos de todos os seus apuntamentos e estudando seis horas todos os días, sacou a carreira coa mellor nota media de toda a súa promoción.* [=A través & Por medio da elaboración metódica de resumos e do estudo diario durante seis horas, sacou a carreira coa mellor nota media.]

13 Isto é, o que expresa o medio ou instrumento utilizados para realizar a acción.

### 3.2.1.3.1.2. De modo en oracións copulativas

Trátase basicamente de xerundios que aparecen en oracións copulativas construídas con substantivos como *xeito*, *modo*, *maneira*, *forma*... dentro de secuencias do tipo *o xeito [o modo # a maneira # a forma] de* (en menor medida, tamén para) + *infinitivo* + *verbo ser* + *xerundio*, (ou *oración xerundial*) *en función de CC*. Ex.: *O xeito de convencelo é amosándolle as posibilidades de futuro deste negocio*.

Obsérvese que tamén se podería empregar un infinitivo no canto do xerundio (*O xeito de convencelo é amosarlle as posibilidades de futuro deste negocio*), pero daquela xa variaríamos tanto a significación, inda que só sexa un pouco (co xerundio indicamos o modo de realizar a acción ou o medio a través do que realizar a acción, mentres que co infinitivo o que estamos a facer é identificar a acción en si), coma tamén a función que realiza a oración subordinada:

*O xeito de convencelo é amosándolle as posibilidades de futuro deste negocio = O xeito de convencelo é así & é mediante a mostra das posibilidades de futuro deste negocio* [función de CC de modo].

*O xeito de convencelo é amosarlle as posibilidades de futuro deste negocio = O xeito de convencelo é este* [función de atributo].

Outros exemplos de xerundio en función de CC de modo en oracións copulativas:

*A maneira de aprobar é estudando todos os días.*

*Sempre dixo que para ela o modo máis cómodo para durmir era pódose boca arriba*

### 3.2.1.3.2. De tempo

Nestes casos o xerundio funciona como núcleo dunha oración subordinada adverbial de tempo, de tal xeito que nos fornece unha referencia temporal a partir da cal situamos cronoloxicamente o acontecemento da oración principal. Ex.: *Estando todos á mesa, chegou o carteiro*.

Obsérvese que a oración de xerundio vén a ser equivalente a unha oración adverbial ou circunstancial con valor temporal (introducida por conxuncións do tipo *cando...*, *mentres...*, ou mesmo *logo*

*de que..., despois de que..., así que..., axiña que...*) que leve o verbo en forma persoal:

*Cando/Mientras estamos todos á mesa, chegou o carteiro.* ≈ Despois de estarmos todos á mesa, chegou o carteiro. ≈ Así que estivemos todos á mesa, chegou o carteiro.

### 3.2.1.3.2.1. Exordial

Trátase dunha subordinada temporal na que se dá conta dunha acción que remata xusto antes de se iniciar o acontecemento reflectido pola oración principal, sen que haxa practicamente solución de continuidade entre ambos, e que serve de introdución ou exordio para esta última: *Botándoo ó chan, arrastrouno ata a porta e guindouno fóra*<sup>14</sup>.

É substituíble nos máis dos casos por secuencias do tipo *tras + infinitivo* ou *logo de + infinitivo*: *Tras botalo # Logo de botalo* ó chan, arrastrouno ata a porta e guindouno fóra.

Esta mesma idea tamén pode ser expresada, e reforzada, mediante a secuencia *en + xerundio*<sup>15</sup> (ou mesmo *en de + xerundio*): *En botándoo # En de botándoo* ó chan, arrastrouno ata a porta e guindouno fóra.

Outros exemplos de xerundio en función de CC de tempo exordial:

*Collendo o coitelo, ameazouno de morte.*

*Deixando a mochila no chan, botouse a correr atrás do delinciente.*

*Entrando no bar de malos modos, púxose a insultar os camareiros.*

### 3.2.1.3.3. Causal

O xerundio funciona como núcleo dunha subordinada adverbial causal, de tal xeito que fornece información acerca da causa pola

14 Confróntese co contido da letra b) do punto 3.2.4. O xerundio vinculativo.

15 Téñase en conta que esta mesma secuencia tamén pode ser usada, en certos casos, para fornecer outros tipos de información, sobre todo de simultaneidade e condicionalidade (ou ambos a un tempo): *En levándose ben* (=Mientras se leven ben # Se se leven ben), *non deberían disolver a sociedade.*

que acontece o que se manifesta na oración principal. Responde ás preguntas *por que?*, *por que causa/motivo?* Ex.: *A asociación de veciños, vendo que non quería pagar as cotas da comunidade, denunciouno vía xudicial* [Por que & Por que causa/motivo o denunciou a asociación de veciños por vía xudicial? Porque non quería pagar as cotas da comunidade].

Obsérvase que a oración de xerundio vén a ser equivalente a unha oración adverbial ou circunstancial con valor causal (introducida por conxuncións ou locucións conxuntivas do tipo *porque...*, *dado que...*, *posto que...*, *como queira que...*, *por causa de que...*, *xa que...*) que leve o verbo en forma persoal: *A asociación de veciños, posto que viu que non quería pagar as cotas da comunidade, denunciouno vía xudicial*.

Outros exemplos de xerundio en función de CC causal:

*Esa enciclopedia, sendo tan voluminosa, non colle no andel.*

*-E chega mañá o rapaz? -Pois si. -Daquela, chegando mañá, haberao que ir buscar á estación.*

### 3.2.1.3.3.1. Causal introducido pola preposición “con” + suxeito + xerundio

Dentro das causais incluímos este subgrupo de oracións xerundiais –que algúns lingüistas consideran gramaticalmente incorrectas–, introducidas pola preposición *con* + *suxeito* + *xerundio* e nas cales o xerundio funciona como atributo (ou, en todo caso, como predicativo do suxeito). Ex.:

*Co profesor vixiando, non fun quen dar o cambiazo.*

O sentido básico da oración subordinada introducida pola preposición *con* é o de causalidade (=dado que o profesor estaba a vixiar, non fun quen de dar o cambiazo).

Nótese que, dentro deste sentido global de causalidade, podemos considerar que o xerundio desempeña a función de atributo<sup>16</sup> (=dado que o profesor estaba vixiante, non fun

16 Ou, en todo caso, de predicativo do suxeito, se se considera que esta é a función que correspondería de utilizarmos na “estrutura profunda” ou primixenia do enunciado,

*quen de dar o cambiazo*), entendendo que *profesor* é o suxeito da oración subordinada, oración na cal o verbo principal se atopa elidido.

Cómpre ter en conta que nos atoparíamos ante un caso distinto a *Vixiando o profesor, non fun quen de dar o cambiazo*, na medida en que neste último enunciado o xerundio actúa como verbo principal da oración subordinada en función de CC causal, e non como atributo (ou, en todo caso, predicativo do suxeito).

Outros exemplos de xerundio en función de CC causal introducido pola preposición “con” + suxeito + xerundio:

*Co fillo recibindo ese tratamento tan caro, tiveron que vender a casa.* [=Posto que # Dado que o fillo está a recibir ese tratamento tan caro, tiveron que vender a casa.]

*Co dianteiro centro facendo tantos goles coma fai, parece mentira que o equipo non estea en postos máis altos na clasificación.* [=Posto que # Dado que o dianteiro centro está a facer tantos goles, parece mentira que o equipo non estea en postos máis altos.]

*Coa xente mirando, non se dá concentrado.* [=Posto que # Dado que a xente está a mirar, non se dá concentrado.]

#### 3.2.1.3.4. *Consecutivo*

Actúa neste caso o xerundio como núcleo dunha subordinada adverbial consecutiva, de tal xeito que indica unha consecuencia ou implicación lóxica do expresado na oración principal. A liña que o separa do xerundio vincutivo<sup>17</sup> é en ocasións moi tenue, podendo mesmo chegar a solaparse ambos os dous<sup>18</sup>. Ex.:

---

no canto de *estar*, os verbos *atopar*, *encontrar* ou *achar* na súa construción pronominal: *Dado que o profesor se atopaba # se encontraba # se achaba vixiando, non fun quen de dar o cambiazo.*

17 Véxase o punto 3.2.4.

18 Obsérvese, por exemplo, esta mesma secuencia oracional que acabamos de enunciar: *A liña que o separa do xerundio vincutivo é en ocasións moi tenue, podendo mesmo chegar a solaparse ambos os dous.*

*A dor é unha medida de detección que nos avisa sobre algunha lesión, dándonos a oportunidade de sandala e mantendo así practicamente intactas as nosas probabilidades de supervivencia.*

Obsérvese que a oración de xerundio vén a ser equivalente a unha oración subordinada consecutiva (introducida por locucións conxuntivas do tipo *así que...*, *polo que...*, *de modo que...*, *de tal xeito que...*, *co que...*, *polo tanto...*, *xa que logo...*, *en consecuencia...*) que leve o verbo en forma persoal: *A dor é unha medida de detección que nos avisa sobre algunha lesión, polo que & de modo que nos dá a oportunidade de sandala e de manter así intactas as nosas probabilidades de supervivencia.*

Entrarían dentro deste grupo aqueles casos en que o xerundio, indicando o resultado ou consecuencia dunha acción, pode ir seguido, sen mudar a súa significación, dun adverbio como *así* ou de locucións do tipo de *deste modo*, *deste xeito*, *desta maneira...* Exs.:

*Tirou a falta mesmo pola escuadra, logrando (así # deste xeito) o gol da xornada.*

*Engádense o resto dos ingredientes e amásase, conseguíndose (así # deste xeito) o produto final.*

---

Ante que estamos? Ante unha subordinada xerundial consecutiva ou ante unha xerundial vinculativa que nos ofrece unha relación máis ben de xustaposición (isto é, de maior independencia sintáctica cá subordinada), achegando algún tipo de conexión lóxica en relación coa oración á que se xustapón?

Podémos dicir que o enunciado oracional que puxemos de exemplo vén a ser equivalente a:

- *A liña que o separa do xerundio vinculativo é en ocasións moi tenue, de tal xeito que mesmo poden chegar a solaparse ambos os dous.* [Interpretación que tendería á súa consideración máis ben como subordinada consecutiva.]

- *A liña que o separa do xerundio vinculativo é en ocasións moi tenue, e mesmo poden chegar a solaparse ambos os dous # de feito, é tan tenue que mesmo poden chegar a solaparse ambos os dous.* [Interpretación que tendería á súa consideración máis ben como vinculativa/ilativa próxima á xustaposición.]

En definitiva, pode que, ó cabo, o que en certos casos diferencie estes dous xerundios (ou a función que desenvolven estes dous xerundios) sexa a interpretación que se faga primar ou que entendemos que se fai primar.

3.2.1.3.5. *Condicional*

O xerundio opera como núcleo dunha oración subordinada condicional, a cal indica unha condición necesaria para que se poida dar ou producir o reflectido na oración principal. Ex.: *Xogando a quiniela* (=Se xogo a quiniela), *inda me pode tocar. Se non xogo, é visto que non me toca.*

Obsérvase que a oración de xerundio vén a ser equivalente a unha oración adverbial ou circunstancial de valor condicional (introducida por conxuncións ou locucións conxuntivas do tipo *se...*, *en/no caso de que...*) que leve o verbo en forma persoal: *Se xogo á quiniela, inda me pode tocar. Se non xogo, é visto que non me toca.*

En ocasións o carácter de condicionalidade (ás veces ligado a outro tipo de nocións) pode vir dado pola secuencia *en + xerundio*<sup>19</sup>: *En conseguindo* (= Se conseguen # Unha vez que consigan) *vender a depuradora, é probable que se retiren.*

Outros exemplos de xerundio en función de CC condicional:

*Non llo contando, non che rifará.*

*Partindo da base de que non hai riscos, onde está o problema de meterse no negocio?*

*Seguindo as indicacións do médico, agora non estaría tan mal.*

*Non lle facendo caso habían chegar máis lonxe ca facéndollo.*

*Calquera compra un coche, axudándolle os pais.*

Pero notemos, por exemplo, a diferenza co enunciado *Así, axudándolle os pais, calquera compra un coche*, no cal a oración xerundial constitúe unha subordinada en función de CC de modo con valor instrumental<sup>20</sup>, tal e como podemos intuír se temos en conta que a oración xerundial (*axudándolle os pais*) non vén a ser máis cá explicación, especificación e concreción –a xeito, como dicimos, de oración– do adverbio *así*.)

19 Véxase o comentario a esta secuencia en + xerundio dentro do punto 3.2.1.3.2.1.

20 Véxase o punto 3.2.1.3.1.1.

### 3.2.1.3.5.1. Condicional locativo ou de situación

Podemos entender como unha variante do xerundio que actúa como núcleo de subordinada condicional o chamado *xerundio locativo ou de situación*, que se emprega para sinalar a localización dun lugar tomando como base ou punto de partida un movemento nunha dirección definida a partir do cal se achega algún tipo de indicación espacial delimitadora. Exs.:

*Baixando polos Basquiños* [=Se se baixa polos Basquiños], *vive na segunda casa á man dereita*.

Temos como base ou punto de partida un movemento cunha dirección definida (*baixando polos Basquiños*), a partir do cal se nos ofrece a localización dun lugar mediante unha indicación delimitadora (*a segunda casa á man dereita*).

*Virando á esquerda* [=Se se vira á esquerda] *no seguinte desvío, traballa nun dos primeiros edificios*.

*Indo desde Vigo* [=Se se vai desde Vigo], *é a terceira saída da autoestrada*.

En certos contextos esa indicación espacial delimitadora non se expresa no enunciado. Ex.:

*O hospital está/queda subindo por esta rúa*.

Como se pode apreciar, neste caso non ten traza a substitución por unha oración condicional con verbo en forma persoal: *\*O hospital queda/está se se sobe por esta rúa* (o enunciado non tería sentido, xa que o hospital queda onde queda, ou está onde está, tanto se subimos por esta rúa coma se non). Mais sobreenténdese que hai unha delimitación ou precisión xeográfica elíptica, do tipo de: *O hospital queda/está por aí, subindo por esta rúa* (= se se sobe por esta rúa).

### 3.2.1.3.5.2. Condicional de pseudocomparación supositiva

Tamén como variante do xerundio núcleo de subordinada condicional temos o *xerundio de pseudocomparación supositiva*, o cal, precedido das conxuncións *coma* ou *como*, nos transmite unha



pseudocomparación que leva implícita unha suposición ou conxectura. Exs.:

*Non sabía o idioma pero disimulaba e dicía que si coa cabeza, coma entendendo [= se entendese] todo canto lle estaban a contar.*

*Inspirou forte e pechou os ollos, coma esperando [= se esperase] que lle baixase a inspiración divina.*

*Anicouse, coma preparándose [= se se preparase] para dar un chouto e asestar o golpe definitivo.*

### 3.2.1.3.6. *Concesivo*

Neste caso o xerundio desempeña a función de núcleo dunha subordinada adverbial concesiva, de tal xeito que indica –moitas veces precedido de conxuncións ou locucións conxuntivas do tipo de *indalaínda, mesmo, incluso* ou *mesmo aínda*– unha concesión, no sentido de contraposición ou oposición á oración principal que non impide a realización ou vixencia do que esta indica. Ex.:

*Inda/Mesmo/Incluso regalándolle a moto, non quedou contento.*

Prodúcese o que indica a oración principal (*non quedou contento*), inda que hai unha acción que xoga en contra diso, que se contrapón ou opón a que a persoa en cuestión non quede contenta, que vén a ser a de que se lle regalou unha moto.

Obsérvese que a oración de xerundio vén a ser equivalente a unha oración adverbial ou circunstancial de valor concesivo (introducida por locucións conxuntivas do tipo *aínda/inda que...*, *a pesar de que...*, *malia que...*) que leve o verbo en forma persoal: *Inda que lle regalei a moto, non quedou contento.*

Mesmo nalgũa ocasión este tipo de xerundios pode aparecer fixado como parte dunha frase feita. Ex.:

*–Has pensar que es mellor persoa ca ela? –Rindo que o digas!  
[=Pois claro que si, inda que ti o esteas a dicir de brincadeira ou chacota].*

Outros exemplos de xerundio en función de CC concesivo:

*Mesmo podendo botar man das influencias dos seus pais, quixo sacar a praza por méritos propios.*

*Non quere tomar a menciña, inda prescribíndolla o médico.*

*A Messi, incluso preparándolle unha marcaxe individual, é moi difícil paralo.*

*Aínda vendo que estaba equivocado, non daba o brazo a torcer.*

### 3.2.1.3.7. *Final*

Nestes casos (máis ben escasos e nos cales se adoita dar unha amálgama co valor de causalidade) o xerundio desempeña a función de núcleo dunha subordinada final, a cal fornece información acerca da finalidade con que se realiza o evento designado polo verbo principal. Ex.:

*Era tan cocón que se metía no seu cuarto escapando [=para escapar] da xente que ía á casa.*

Outros exemplos de xerundio en función de núcleo dunha subordinada final:

*Emigrou buscando unha mellor vida para si e para os seus. [Valor entre final (emigrou para buscar) e causal (emigrou por causa de buscar).]*

*Repetiu o exame intentando sacar unha mellor nota. [Valor entre final (repetiu o exame para intentar sacar unha mellor nota) e causal (repetiu o exame por causa de intentar sacar unha mellor nota).]*

### 3.2.1.4. *En función de modificador de frase nominal*

Atopámonos ante este xerundio naqueles casos en que o seu suxeito coincide co atributo de verbos como *ser, parecer, semellar...* Ex.:

*Sucio como estaba, e con aqueles farrapos, mesmo parecía un pobre mendigando.*

Obsérvese que *pobre* é tanto suxeito do xerundio coma atributo do verbo principal *parecía*, e advírtase así mesmo que o xerundio é trocable pola secuencia “a + infinitivo”: *Sucio como estaba, mesmo parecía un pobre a mendigar*.

Nótese que vén a equivaler a unha oración de relativo constituída por “que + estar + xerundio”<sup>21</sup> (= *Sucio como estaba, e con aqueles farrapos, mesmo parecía un pobre que estaba mendigando*).

Outros exemplos de xerundio en función de modificador de frase nominal:

– *Quen era? –Era un rapaz preguntando pola de Cruxeiras.*  
[=Era un rapaz que estaba a preguntar pola de Cruxeiras.]

*Alí de pé, en fronte de todos, con esa confianza que zumegaba e ese falar temperado e didáctico, parecía un mestre dando a lección ós alumnos.* [=... parecía un mestre que lles estaba a dar a lección ós alumnos.]

Aténdonos, pois, a este criterio de clasificación, en principio habería que considerar fóra da norma estándar todos aqueles xerundios que funcionan como modificadores de frase nominal e non cumpren as condicións que se acaban de sinalar. Deste xeito, habería que catalogar como alleas ós canons estritamente gramaticais secuencias coma a seguinte:

*\*As resolucións do Ministerio de Xustiza resolvendo o recurso anterior ou, se for o caso, impondo o traslado forzoso esgotarán en todo caso a vía administrativa.*

Que nunha redacción ortodoxamente gramatical debería adoptar estruturas como as que a continuación se reflicten:

*As resolucións do Ministerio de Xustiza que resolvan o recurso anterior # polas que se resolva o recurso anterior # nas que se resolva o recurso anterior ou, se for o caso, que impongan o traslado forzoso #*

---

21 Ou “a + infinitivo” en pago do xerundio. Exemplo: *Sucio como estaba, e con aqueles farrapos, mesmo parecía un pobre que estaba a mendigar*.

*polas que se impoña o traslado forzoso # nas que se impoña o traslado forzoso esgotarán en todo caso a vía administrativa.*

### **3.2.2. O xerundio como núcleo dunha oración coordinada adversativa**

Actúa neste caso como núcleo do elemento oracional introducido por unha conxunción, ou locución conxuntiva, adversativas (do tipo de *pero, mais, no entanto, non obstante...*), manifestando unha contraposición ou oposición con respecto ó expresado no outro elemento oracional da coordinación. Ex.:

*Claro que estamos a gozar do momento, pero sabendo que somos un club humilde # sabendo, non obstante, que somos un club humilde.*

Nótese que –tal e como comentaremos no punto “2ª Nota xeral ó apartado 3.2: amálgama/ambigüidade de valores”– en moitos destes contextos se pode producir unha amálgama de valores, ou unha ambigüidade de valores, en relación coa información que transmite a oración xerundial (ou, se se quere, un esvaeceamento dos límites en teoría existentes entre eses valores). Así, este mesmo exemplo que acabamos de reflectir podería, simplemente con mudar a conxunción *pero* pola locución conxuntiva *aínda que*, interpretarse como un caso de oración subordinada concesiva; ou incluso se podería interpretar cun valor moi próximo ó de predicativo do suxeito (*Claro que estamos, sabedores de que somos un club humilde, a gozar do momento*).

Outros exemplos de xerundio en función de núcleo dunha coordinada adversativa:

*Vanse presentar de novo ó concurso que quedou deserto, mantendo, non obstante, as condicións que ofreceron a primeira vez, sen melloralas nada.*

*Que repita a actuación, pero facendo algún tipo de modificación no retrouso.*

*Claro que volverán intentar o experimento, pero tendo en conta novos datos.*

### 3.2.3. O xerundio non dependente (núcleo dunha oración simple)

#### 3.2.3.1. O xerundio descritivo-titulador de imaxe

Denominado en ocasións como xerundio “de pé de foto” ou “de título de cadro”, úsase para titular e describir en trazos moi xerais algún tipo de imaxe, coma un debuxo, un cadro, unha fotografía...  
Exs.:

*Saturno devorando un fillo.* [Cadro de Goya].

*Rafael gastando pista.* [Para describir ou titular, por exemplo, unha foto familiar na que aparece un tal Rafael bailando].

*Vella fritindo ovos.* [Cadro de Velázquez].

*Subsaharianos saltando o valado.* [Como pé de foto dun xornal para describir e titular unha foto en que persoas subsaharianas están a saltar o valado de Melilla].

Nos máis dos casos poderíase considerar como unha variación do xerundio predicativo de CD (ou tamén, nos casos en que o verbo principal sexa intransitivo, de predicativo do suxeito, como acontece no terceiro dos exemplos que a seguir expresamos) tras un proceso de elipse da oración principal:

*Saturno devorando un fillo* → Este cadro representa a Saturno devorando un fillo.

*Rafael gastando pista* → Velaquí unha foto que amosa a Rafael gastando pista.

*Vella fritindo ovos* → Neste cadro aparece unha vella fritindo ovos.

*Subsaharianos saltando o valado* → Esta foto reflicte subsaharianos saltando o valado.

Unha variante deste xerundio constitúea o xerundio titulador de documento, que identifica ou describe de xeito moi xeral, a xeito de título, o contido esencial dun documento, e sobre cuxa aceptación como estrutura admisible ou correcta gramaticalmente se dan diversas opinións. Ex.:

*Acordo da Presidencia solicitando a emisión de informe.*

Para as opinións que desde un punto de visto lingüístico adoptan unha posición máis conservadora ou ortodoxa, este tipo de xerundios debería ser substituído por unha estrutura preposicional relativa: *Acordo da Presidencia en que se solicita # no que se solicita # polo que se solicita # polo cal se solicita a emisión de informe*. Pola contra, as persoas que defenden visións máis abertas e innovadoras consideran que se trata dunha estrutura perfectamente defendible dentro dunha norma estándar, postura que secundamos.

### **3.2.3.2. O xerundio descritivo de situación**

Estreitamente ligado co anterior, úsase para describir situacións simultáneas (e mesmo tamén sucesivas) nun contexto ou ambiente que se adoita presentar como axitado ou confuso. Ex.:

*Xente berrando e insultándose, libros voando polo aire, os bibliotecarios intentando calmar a situación... en fin, un desastre, pois máis ca unha biblioteca parecía un campo de batalla.*

Tamén se podería considerar na maior parte dos casos como unha variación do xerundio predicativo de CD (ou do predicativo de suxeito, nos casos de verbos intransitivos) tras un proceso de elipse da oración principal:

*Alí había \$ Alí podíase ver \$ Alí estaba... xente berrando e insultándose, libros voando polo aire, os bibliotecarios intentando calmar a situación... en fin, un desastre, pois máis ca unha biblioteca parecía un campo de batalla.*

A nivel xeral estas oracións de xerundio poden ser substituídas, con lixeiras diferenzas de matices, por oracións completivas con verbo en forma persoal:

*Xente que berraba e se insultaba, libros que voaban polo aire, os bibliotecarios que intentaban calmar a situación... en fin, un desastre, pois máis ca unha biblioteca parecía un campo de batalla.*

### 3.2.3.3. *O xerundio exclamativo e exclamativo-interrogativo*

Úsase para transmitir algo dándolle un ton de asombro, sorpresa, retranca, estrañeza, sorna... Exs.:

*Un ateo coma ti vindo hoxe á misa!*  
*Burlándose ela do resto da clase?! Non creo!*  
*Un burro voando!*  
*E logo ti bebendo? Que se celebra?*<sup>22</sup>

Este uso xerundial tamén se pode interpretar como resultado dun proceso de elipse da oración principal:

Non podo crer que estea a ver un ateo coma ti vindo hoxe á misa!  
Que ela estivo burlándose ela do resto da clase?! Non creo!  
Mira un burro que está voando!  
E logo que fas ti bebendo? Que se celebra?

### 3.2.3.4. *O xerundio de resposta indicador de acción ou comportamento*

Trátase dun xerundio que empregamos fundamentalmente como resposta a alguén que nos preguntou que estamos a facer, ou ben que se interesou por nós ou nos saudou. Exs.:

*–Que fas? –Xa ves: aquí, mirando a tele.*  
*–Que, como andamos? –Vaia, (imos) tirando!*  
*–Que tal? –Ben. Descansando un pouco.*

---

22 Como se pode apreciar neste exemplo –e inda que este tipo de xerundio practicamente sempre leve implícito, como mínimo, un fondo de estrañeza ou de certa sorpresa–, non en todos os casos en que aparece cómpre que o enunciado no cal se insire vaia acompañar dos signos ortográficos de exclamación.

Ó igual ca nestes anteriores casos, tamén se pode interpretar como resultado dun proceso de elipse dunha oración primixenia ou principal que acurtamos:

–Que fas? –Xa ves: estou aquí, mirando a tele.

–Que, como andamos? –Vaia, andamos/estamos que imos tirando!

–Que tal? –Ben. Estou aquí descansando un pouco.

### **3.2.3.5. O xerundio de obriga**

Úsase para indicar que alguén debe estar ou permanecer en certo lugar facendo o que se entende que lle corresponde facer. Exs.:

*Un na rúa, abríndolles a porta do coche ós convidados; outro na porta de entrada, recibíndoos e invitándoos a pasar; outro no gardarroupa, recolléndolles a roupa que queiran deixar; e outro no bar, servíndolles o que pidan!*

*Neste momento o meu sitio está aquí con meus pais, coidándoos agora que son vellos.*

Na mesma liña destes últimos casos, trátase dun xerundio que se pode interpretar como resultado dun proceso de elipse da oración principal:

*Un na rúa, que estará abríndolles a porta do coche ós convidados; outro na porta de entrada, que estará recibíndoos e invitándoos a pasar; outro no gardarroupa, que estará recolléndolles a roupa que queiran deixar; e outro no bar, que estará servíndolles o que pidan!*

*Neste momento o meu sitio está aquí con meus pais, onde debo permanecer coidándoos agora que son vellos.*

### **3.2.3.6. O xerundio elocutivo**

Trátase dun xerundio “metadiscursivo”, no sentido de que incide, ordenando o discurso, no propio acto comunicativo. Exs.:



*Resumindo: que ó final non vai ir recoller o premio.*

*Cambiando de tema: café ou té?*

*Pasando a outra cousa: sabedes que xa temos novo cura?*

### 3.2.3.7. O xerundio imperativo

Transmite un mandato, orde, solicitude, rogo ou desexo. Exs.:

*Tomando rápido ese almorzo, que chegamos tarde!*

*Alixerando un pouquiño, por favor!*

*Andando, que xa é hora!*

### 3.2.4. O xerundio vinculativo

Funciona como núcleo dunha oración que, mediante unha estrutura próxima á copulativa xustaposta, se vincula con outra oración achegando algún tipo de conexión lóxica entre ambas que o receptor debe inferir ou que se dá por suposto que vai inferir polo contexto (normalmente unha conexión de consecuencia ou explicación –de aí que adoito sexa denominado como “xerundio ilativo”–, inda que en ocasións tamén pode ser doutro tipo, coma por exemplo concesiva ou adversativa).

Polo que atinxe á relación de temporalidade que se establece coa oración á que se vincula mediante a referida estrutura, pode indicar:

- a. Simultaneidade coa acción ou evento da outra oración. Ex.:

*Turrou con moita forza do panti, rachándoo por varias partes.*

A acción de rachar é simultánea á de turrar: xusto cando o suxeito está a turrar polo panti, ráchao.

- b. Consecutividade entre accións que forman un *continuum* non susceptible de permitir a existencia de lapso temporal entre elas. Así, a culminación do primeiro evento ou acción dá lugar á produción do evento ou acción denotados pola oración de xerundio. Ex.:

*Botouse de súpeto contra del, inmovilizándoo.*

Expresa unha consecutividade de eventos sen solución de continuidade: non é que se bote de súpeto contra alguén e despois o inmovilice, senón que do que se trata é que a consecuencia inmediata ou instantánea da culminación de se botar de súpeto contra el é a súa inmovilización.

En certo modo viría a ser, por así dicilo, o reverso da moeda do xerundio exordial<sup>23</sup> na medida en que este expresa unha acción ou acontecemento inmediatamente anterior –e tamén sen practicamente solución de continuidade– ó da oración co verbo en forma conxugada. Así, e recollendo este mesmo exemplo, a oración con xerundio exordial sería a seguinte: *Botándose de súpeto contra del, inmovilizouno.*

- c. Existencia de lapso temporal entre a acción da oración con verbo persoal e a oración de xerundio. Ex.:

*Fichou polo eterno rival antes de rematar a liga, creando un gran malestar no seu propio vestiario.*

Primeiro ficha polo eterno rival, e isto leva a que se cree un gran malestar no vestiario do seu equipo.

En principio, o lapso temporal entre ambos os eventos debe de ser pequeno, xa que o contido de vinculación (fundamentalmente, como xa indicamos, de consecutividade ou de efecto respecto dunha causa) achegado pola oración de xerundio dilúese canto maior sexa o tempo transcorrido.

Así pois, e tal e como se pode intuír a partir do que acabamos de comentar, coidamos que o fundamental para podermos considerar máis ou menos admisibles desde un punto de vista normativo este tipo de casos non é que o xerundio marque ou non unha relación temporal de posterioridade (iso si, sempre que a posterioridade non abranca un período demasiado amplo de tempo), senón que o que resulta necesario é que a vinculación entre ambos os eventos sexa manifesta e notoria (habitualmente a través de que a oración de

---

23 Recolleito no punto 3.2.1.3.2.1 do presente artigo.

xerundio se constituía como efecto ou consecuencia da causa denotada pola oración á que se xustapón).

De feito, parece como que o emisor do enunciado, malia describir dous eventos, situacións ou accións, entendera que entre eles hai unha conexión ou relación máis estreita (mesmo en ocasións diríamos que configurando na súa mente o enunciado como un todo único dividido en dúas partes) cá que expresaría mediante a conxunción copulativa, polo que opta por conferirlle maior forza expresiva a través do xerundio. Vexámolo cun exemplo concreto dun texto tirado da propia web da Real Academia Galega:

- a) O panga ten un tamaño considerable cando alcanza a madurez, podendo chegar a medir metro e medio e pesar corenta quilos.
- b) O panga ten un tamaño considerable cando alcanza a madurez, e pode chegar a medir metro e medio e pesar corenta quilos.

Inda que no básico se está a dicir o mesmo, no caso a) parece que interpretamos que hai unha maior ligazón ou vinculación entre as dúas oracións, mentres que no caso b) a conxunción motiva que percibamos unha maior distancia ou autonomía entre ambas<sup>24</sup>. Así mentres no caso b) simplemente se nos ofrece a suma dos significados de dúas oracións:

- 1: o panga ten un tamaño considerable cando alcanza a madurez
- +
- 2: pode chegar a medir metro e medio e a pesar corenta quilos,

no caso a) xa o propio enunciado nos está dando a entender que hai unha relación máis estreita entre ambas:

---

24 De feito, de empregarmos a conxunción copulativa, nunha análise sintáctica arbórea teríamos dous elementos (dúas oracións) ben definidos e separados entre si, cousa que xa non está tan clara no caso de empregarmos a oración de xerundio, na medida en que parece que esta presenta certa dependencia sintáctica respecto da oración con verbo en forma persoal.

- 1: o panga ten un tamaño considerable cando alcanza a madurez  
+  
2: de feito, o tamaño é tan considerable que pode chegar a medir metro e medio e a pesar corenta quilos (neste caso, xa que logo, trátase dunha relación que lindaría na explicativa).

En definitiva, trátase dun xerundio non rexeitable *per se*, inda que nunha linguaxe coidada e formal o máis axeitado sería non abusar del e establecer, na medida do posible, as relacións existentes entre as dúas oracións que se vinculan mediante outros nexos que concreten de maneira máis clara e definida a dita relación (a non ser que o emisor, de xeito consciente e voluntario, pretenda que sexa o receptor quen estableza o carácter da vinculación).

### **3.2.4.1. O xerundio vincutivo de valor partitivo**

Inda que tamén se podería tratar ou considerar de xeito totalmente independente, imos incluír, como un tipo especial de xerundio vincutivo, o denominado *xerundio partitivo*, que en realidade máis ca un xerundio a secas vén a ser unha secuencia ou construción lingüística constituída polo xerundio *sendo* + *precisión ou concreción respecto dalgunha información que acaba de ser achegada* (secuencia ou construción que, polo tanto, leva implícito un certo sentido que lindaría no que é unha relación explicativa). Ex.:

*Ficharon tres xogadores, sendo un deles o central que andaban buscando.*

Trátase dun xerundio que, en palabras tiradas da web da Fundación BBVA, asesorada pola Real Academia Española, “no es incorrecto, pero se considera poco elegante y se puede reemplazar a menudo por otros más naturales”, opinión coa que basicamente coincidimos. Así, o enunciado que acabamos de reflectir podería, por exemplo, manifestarse doutras maneiras, coma tales as seguintes:

*Ficharon tres xogadores, un deles o central que andaban buscando.  
Ficharon tres xogadores, un dos cales é o central que andaban buscando.*

## 1ª NOTA XERAL Ó APARTADO 3.2:

## O XERUNDIO PSEUDOMODIFICADOR DE FRASE NOMINAL

Trátase dun xerundio<sup>25</sup> que actúa como núcleo dunha oración subordinada que pode desempeñar diferentes funcións sintácticas (predicativo, CC concesivo, CC causal/explicativo...), oración subordinada que a simple vista, e dado que se sitúa, delimitada por pausas, xusto despois dunha frase nominal, pode dar a impresión de que está a modificar o núcleo desta, pero que en realidade está a atanguer máis ca nada –ou, polo menos, en maior medida– ó verbo principal. Ex.:

*Os seus libros, sendo tan malos, non llos vai publicar ninguén.*

Notemos que non é equivalente a unha oración de relativo ( $\neq$  *Os seus libros, que son tan malos, non llos vai publicar ninguén*), xa que a oración de relativo incide basicamente –ou polo menos en maior medida– sobre o verbo: o feito de que sexan uns libros tan malos é o que motiva que eu non crea que llos publiquen. Trataríase, pois, neste caso dunha subordinada que estaría a fornecer unha información de carácter causal-explicativo.

Obsérvese, ademais, que este tipo de oracións xerundiais son sempre explicativas, non especificativas (todos os seus libros son malos), así como que presentan a posibilidade de se antepor á frase nominal cuxo núcleo pode dar, enganosamente, a impresión que modifica (*Sendo tan malos, os seus libros non llos vai publicar ninguén*). Ademais, en moitos destes casos o xerundio pode ser substituído por unha secuencia constituída por unha *preposición* (ou *locución preposicional*) + *infinitivo* que manifieste a intención comunicativa de que se trate (*Os seus libros, ó/por seren tan malos, non llos vai publicar ninguén*).

25 Na medida en que non se atopa no mesmo nivel de clasificación cō resto dos xerundios, dado que é susceptible de desempeñar diversas funcións sintácticas, recollémolo a xeito de nota xeral para o apartado 3.2.

Outros exemplos de xerundio pseudomodificador de frase nominal:

*O partido, indo tan ben como ía ó descanso, acabámolo perdendo.*  
[Funcionando, neste caso, a oración subordinada da cal é núcleo como CC concesivo.]

*A rapaza, mirándolle á cara e sen vacilar o máis mínimo, díxolle diante de todos que era un machista.* [Funcionando, neste caso, como predicativo do suxeito.]

*Con ese coche, andando como anda, pónome en Madrid en menos de catro horas.* [Funcionando, neste caso, como CC causal-explicativo.]

2ª NOTA XERAL Ó APARTADO 3.2:

AMÁLGAMA/AMBIGÜIDADE DE VALORES

Por outra banda, cómpre ter tamén en conta que hai non poucos casos en que a interpretación do valor da oración de xerundio pode non estar moi clara ou definida e resultar, xa que logo, ambigua en certo grao, na medida en que non é raro que se amalgamen ou acumulen diversos posibles valores, de tal xeito que o valor real que encerre en si dependerá fundamentalmente do contexto ou da intención comunicativa do emisor. Así, nunha situación enunciativa como

*–E logo agora dormes mellor? –Si. Andando un par de horas ó día, durmo mellor.*

o valor xerundial pode presentar as seguintes posibilidades de interpretación:

Causal: *–Si. Posto que ando un par de horas ó día, durmo mellor.*

Condicional: *–Si. Se ando un par de horas ó día, durmo mellor.*

Temporal: *–Si. Cando ando un par de horas ó día, durmo mellor.*

#### 4. O XERUNDIO COMPOSTO

Constitúe unha forma case non existente como tal en galego (onde, en todo caso, o verbo auxiliar sería *ter*, e non *haber*), lingua na que se adoita optar por outras estruturas, máis ou menos acaídas en función dos contextos.

Neste sentido, nótese que xa o propio uso da forma xerundial dá en moitos casos a idea dunha acción pasada, polo que neses contextos a forma composta resulta totalmente prescindible e inadecuada. Vémosto a seguir tomando como punto de partida uns enunciados en castelán e reflectindo diversas opcións posibles para manifestar esa mesma información en galego:

*El entrenador, habiendo escuchado a todas las partes, decidió no convocar al jugador.*

O adestrador, escoitando todas as partes, decidiu non convocar o xogador.

Non hai outra posibilidade de interpretación cá de que a acción de escoitar é anterior á de decidir.

O adestrador, tras # logo de # despois de escoitar a todas as partes, decidiu non convocar o xogador.

O adestrador, unha vez que escoitou a todas as partes, decidiu non convocar o xogador.

O adestrador, escoitadas todas as partes, decidiu non convocar o xogador.

\*O adestrador, *\*tendo escoitado* a todas as partes, decidiu non convocar o xogador.

*Es falta grave el ejercicio de cualquier actividad susceptible de compatibilidad sin haber obtenido la pertinente autorización o habiéndola obtenido con falta de veracidad.*

É falta grave o exercicio de calquera actividade susceptible de compatibilidade sen obter a pertinente autorización ou obténdoa con falta de veracidade nos presupostos alegados.

A obtención da autorización con falta de veracidade é anterior ó incorremento en falta grave, na medida en que se trata dun requisito esixible (á parte da non obtención da dita autorización) para que se dea a posibilidade de incorrer na falta grave.

\*É falta grave o exercicio de calquera actividade susceptible de compatibilidade sen obter a pertinente autorización ou \**téndoa obtido* con falta de veracidade nos presupostos alegados.

*Habiendo comido todo eso, no me extraña que le duela la barriga.*

Comendo todo iso, non me estraña que lle doia a barriga.

Neste caso poderíase producir certa ambigüidade, xa que poderíamos estar ante un enunciado que unha persoa emite de xeito simultáneo a esa acción de comer que está a levar a cabo nese preciso momento outra persoa. Así, se o emisor A sabe que unha persoa B se queixou por dor de barriga ou se queixa a miúdo de dor de barriga, e logo a ve comer moito, pódelle facer ese comentario a unha terceira persoa C: *Comendo así, non me estraña que [a B] lle doia a barriga.* De todos os xeitos, o máis normal é que o contexto comunicativo desfaga a posible ambigüidade.

Logo de # Despois de comer todo iso, non me estraña que lle doia a barriga.

*Tendo comido?* todo iso, non me estraña que lle doia a barriga.

Velaquí un exemplo que non nos atrevemos a dicir de xeito categórico se se podería considerar gramatical ou non, inda que intuitivamente supomos que si se podería aceptar como correcto, na medida en que a acción de comer se pode entender como unha acción reiterativa (e este sentido reiterativo ou de repetición é, precisamente, o que nos fornece a perífrase *ter + participio*).

Naquelas situacións en que se poida producir certa ambigüidade respecto de se o xerundio está a marcar unha acción simultánea ou anterior á do verbo principal, o máis axeitado parece ser optar por algunha das outras opcións fornecidas nos exemplos que acabamos de ver:

Aos funcionarios en situación de servizos especiais computáraselles o tempo que permanezan en tal situación para efectos de ascensos, trienios e dereitos pasivos, excepto para os funcionarios públicos que, *ingresando* [→ tras ingresaren # logo de ingresaren # despois de ingresaren # unha vez ingresados] no



servizo de institucións comunitarias europeas ou no de entidades e organismos asimilados, exerciten o dereito de transferencias establecido no artigo 11.2 do anexo 8 do Estatuto dos funcionarios das Comunidades Europeas.

De todos os xeitos, e malia todo isto que acabamos de comentar, cómpre ter en conta que o xerundio composto si que é empregado naturalmente en certos contextos:

- a. Fundamentalmente naqueles en que a oración xerundial funciona como subordinada condicional e quen emite o enunciado recolle un feito pasado que está latente na conversa ou que se acaba de anunciar:

–Regresar si que regresou, porque eu vira no rueiro pola mañá.  
–Pois téndoa visto, ben nos puideches avisar.

- b. Tamén, e en relación co que vimos no terceiro dos exemplos, se recolle a secuencia “tendo + participio” naqueles casos en que se trata dunha manifestación da perífrase “ter + participio” e, polo tanto, indica repetición ou reiteración (isto é, indica que a acción ou feito de que se trata se realizou máis dunha vez ou é durativa-repetitiva no tempo):

Como se podía explicar que tendo conversado tantas e tantas veces acerca de libros e autores galegos, ninguén me falara nunca del?

Ti, tendo traballado con el, saberás se pode ser unha boa incorporación para a empresa ou non.

## 5. O XERUNDIO LEXICALIZADO (E SEMILEXICALIZADO)

Algúns xerundios experimentaron un proceso de lexicalización en virtude do cal pasaron a funcionar como outra categoría gramatical. Isto acontece basicamente cos xerundios *ardendo* e *fervendo*,

que pasan a actuar como adxectivos cando van incluídos en certas estruturas sintagmáticas ou ligados a certos substantivos:

–*ardendo* (a modo de adxectivo, como sinónimo de *ardente*). Exs.:

*E co peito ardendo en dor, e o corazón partido, despediuse para sempre do seu amor.*

*Queima coma un ferro ardendo.* [Exemplo tirado da acepción 3 de *arder* que aparece no *Dicionario de Real Academia Galega* (DRAG) en liña.]

–*fervendo* (a modo de adxectivo, como sinónimo de *fervente*). Exs.:

*Meteu o dedo na auga fervendo e escaldou o coiro.*

No DRAG, a sétima acepción de *ferver reza*, literalmente, o seguinte: “Cociñar [unha substancia, particularmente un alimento] en auga fervendo ou noutro líquido”.

Como se pode observar, en ambos os casos precedentes a lexicalización pode ter a súa orixe nun proceso de elisión dunha oración de relativo construída co verbo *ser*:

*E co peito que estaba ardendo en dor, e o corazón partido, despediuse para sempre do seu amor.*

*Queima coma un ferro que está ardendo.*

*Meteu o dedo na auga que estaba fervendo e escaldou o coiro.*

No DRAG, a sétima acepción de *ferver reza*, literalmente, o seguinte: “Cociñar [unha substancia, particularmente un alimento] en auga que está/estea fervendo ou noutro líquido”.

Tamén se poderían incluír dentro deste grupo outros dous xerundios que pasan a actuar como preposicións (mesmo xa o propio DRAG os recolle especificamente con esta categoría gramatical):

–*quitando* [*quitando que* & *quitando se*]. Exs.:

*Quitando tres, aprobamos todos.* [Exemplo tirado do DRAG.]

*Quitando se chove, imos ir á romaría.* [Exemplo tirado do DRAG.]

–*sacando* [*sacando que* & *sacando se*]. Exs.:

*As fachadas consérvanse tal como eran a principios de século, sacando dúas ou tres.* [Exemplo tirado do DRAG.]

*Imos marchar mañá, sacando que cambie o tempo.* [Exemplo tirado do DRAG.]

Alén destes xerundios, tamén existen outros nos cales a lexicización quizais non se manifeste nun grao tan acusado e que podemos denominar como “semilexicizados”, na medida en que, malia se poderen assimilar a outras categorías gramaticais, manteñen en certo grao as súas características verbais. Exs.:

–*colgando* (a modo de adxectivo, como sinónimo de *colgante*). Exs.:

*A súa papada colgando ocupaba case toda a foto.*

*Unha ponte colgando une as dúas vilas.*

–*incluíndo* & *excluíndo* [a modo de adxectivo, como sinónimos de *incluído/a(s)* e *excluído(s)*]. Exs.:

*Tocaron durante unha hora cancións exitosas, incluíndo [=incluídas] varias baladas.*

*Hai entrada libre, pero excluíndo [=excluídos] os menores de idade.*

–*exceptuando* & *excluíndo* & *salvando* & *non sendo* (asimilados a funcións preposicionais, como sinónimos de *agás* ou *bardante*). Exs.:

*Exceptuando / Excluíndo / Salvando / Non sendo tres, aprobamos todos.*

*Exceptuando / Excluíndo / Salvando / Non sendo se chove, imos ir á romaría.*

–*dependendo de* (asimilado a funcións preposicionais, como sinónimo de *segundo* na acepción 5 do DRAG: “En correspondencia a, en proporción a unha condición disxuntiva”). Exs.:

*Pagamos dependendo do* [=segundo o, en función do] *que se traballe.*

*Dependendo do* [=segundo o, en función do] *que pida e ofrezca, contratarémolo ou non.*

## BIBLIOGRAFÍA

- Álvarez, R. e X. Xove (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- Beets, M<sup>a</sup>. (2010): *Tipos de gerundio y modos de parafrasearlo. Un estudio sobre diferentes usos del gerundio en dos traducciones de Mästerdetektiven Blomkvist de Astrid Lindgren*. Lunds: Universitet. Memoria de licenciatura. Disponible en <https://docplayer.es/20957263-Tipos-de-gerundio-y-modos-de-parafrasearlo.html>
- Fernández Lagunilla, M. (1999): “Las construcciones de gerundio”, en I. Bosque e V. Demonte (eds.), *Gramática descriptiva de la lengua española*. Madrid: Real Academia Española / Espasa Calpe, 3443-3503.
- Lepre Pose, C. (2006): “El gerundio de posterioridad. ¿Un proceso de cambio?”, en M. Villayandre Llamazares (ed.), *Actas del XXXV Simposio Internacional de la Sociedad Española de Lingüística*. León: Universidad, 1060-1085. Disponible en <http://fhyc.unileon.es/SEL/actas/Lepre.pdf>
- Martínez Amador, E. M. (1974): *Diccionario gramatical y de dudas del idioma*. Barcelona: Sopena, 674-677.
- Morales Ardaya, F. (2008): “Los usos del gerundio”, en *Apuntes para la redacción*. Disponible en <https://studylib.es/doc/5480190/6.-los-usos-del-gerundio> [consulta 12/12/2018].
- Real Academia Española y Asociación de Academias de la Lengua Española (2009): *Nueva gramática de la lengua española* [web]. Madrid: Real Academia Española. Disponible en <http://www.rae.es/recursos/gramatica/nueva-gramatica>.



